



Marzo 2013

Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa

Declarado de Utilidade Pública



Acabada a foliada das festas de Carnaval, damos as boas vindas á primavera, coa alegría e colorido que lle son asociados. Vamos tamén a camiño da Pascua en que moitos poden dar un saltiño ó eido para recargarse de enerxía. A nosa Casa non pode parar, e por iso continuamos a ofrecer as actividades para toda a familia e para tódolos gustos. As escolas, conferencias e outros actos recreativos esperan a vosa participación. Vamos abrir este folleto informativo á participación de todos no Título “As nosas orixes” en que pretendemos que cada un poida dar a coñecer a súa orixe en Galicia cos seus costumes e feste-

xos. Esperamos pola vosa participación. Igualmente estamos abertos a suxestións para que este medio de información mensual sexa do agrado de todos os que facemos parte da Xuventude de Galicia.

Álvaro Moreira

Xuventude de Galicia

Centro Galego de Lisboa

Declarado de Utilidade Pública

Rua Julio Andrade, nº 3

1150-206 Lisboa

Telf.: +351 21 885 36 80

Fax: +351 21 885 03 93

....

Www.juventudedagaliza.com

....

Secretaría –Horário:

Lun–Ven

11:00h ás 20:00h

geral@juventudedagaliza.com

....

Restaurante Álvaro Cunheiro

Telf.: +351 21 882 13 92

5 Marzo

Curso de Canteiros


Inicio do Curso de Canteiros

Prof.: Fran de Noia

Martes e xoves das 16h às 18h

Informacións: secretaria do centro, geral@juvntudedagaliza.com ou polo

Telf.: 218853680



14 Marzo

Conferencia: “A xordeira, as súas causas e prevención”



Ás 19:00h
Biblioteca “Manuel Bouslosa”

Por: *Jesús Luaces Burgo*

Especialista en Audioloxía Clínica e Audioprótesis

Informacións: Secretaria do centro, geral@juvntudedagaliza.com ou polo

Telf.: 218853680

Nesta edición:

Curso Canteiros	1
Conferencia	1
Actuación Banda	1
Escola Música	2
Esc. Célia Neves	2
Anaquíños da Terra	2
Grupo Coral	2
Danzas de salón	2
Foi no pasado mes...	3
As nosas orixes	3
Suxestións...	4

16 Marzo


Actuación: Banda Filarmónica União Artística Piedense

Ás 21:30h

Sala “Gabino Castro Gil”

Banda dirixida polo maestro: Carlos Ribeiro

Informacións: Secretaria do Centro, pelo Telf.: 218853680 ou polo correo: geral@juventudedagaliza.com





Os beneficios de aprender un instrumento musical

- Maior coordinación
- Incrementa a confianza
- Axuda a vencer algúns medos
- Xera relacións sociais máis profundas
- O aprendiz vólvese máis creativo na solución de problemas cotiáns
- Incrementa a produtividade e concentración
- Exercita a memoria
- Mellora sen dúbida as habilidades da linguaxe, a conduta ou a intelixencia espacial
- Reduce a tensión ("stress") e a depresión: A música é un tranquilizante natural
- Fomenta a constancia e a disciplina
- Adquirese maior sensibilidade auditiva e táctil



Sevillanas e flamenco para todas as idades

Pide información na secretaría do Centro



ESCOLA CÉLIANEVES
Xuventude de Galicia
Centro Galego de Lisboa



Grupo Anaquiños da Terra

Xuventude de Galicia
Centro Galego de Lisboa

Recorda, agora tamén podes traer os teus nenos ós sábados

Pide información na secretaria do Centro



Escolle a actividade que mais che guste

Participa

Foi no pasado mes...



No pasado mes celebramos os festexos de carnaval, a participación no baile non foi moita, mais os que viñeron pasaron una noite agradable con moita alegría. Os nenos tamén xogaron e fixeron a súa careta na tarde que lles foi dedicada.

A despedida, no enterro da sardiña, foi acompañada do testamento que beneficiou algúns mais destacados.



Un grupo de cativos que deran un grande espectáculo de percusión, interpretando varios temas de diferentes etilos. Remataron coa interpretación de tres pezas en conxunto con elementos do Grupo Anaquiños da Terra deixando os asistentes con sabor a pouco, Gracias Tambóra

Novo!

As nosas orixes

Este é o teu espazo, cóntanos cal é a tua terra, cales son as festas mais populares, as costumes....

Participa!

Manda correo polo secretaria@juventudedagaliza.com ou deixa o teu texto no Centro

Suxestión...

POLBO Á FEIRA

Elaboración

Coller un polbo fresco, lavallo ben e conxelalo. Tamén se pode adquirir xa conxelado. Este proceso aforra ter que mazalo ben.

Nunha pota poñemos auga a ferver cunha cebola enteira e pelada e, cando rompa a ferver, introducimos o polbo, agarrándoo pola cabeza e mergullándoo tres veces antes de soltalo. Deixámolo cocer ata que teña a textura desexada (aproximadamente 30 minutos). A seguir, sacámolo e deixámolo escorrer e arrefriar un pouco, cortamos os tentáculos en anacos e dispoñémolos nuns pratos (se pode ser, de madeira). Engadimoslle o sal grosso ao gusto, un bo chorro de aceite de oliva virxe e pemento moído doce ou picante, segundo nos guste. Tamén se pode acompañar cunhas patacas cocidas.

Este prato regado cun bo viño do Ribeiro branco ou tinto é unha auténtica delicia.



Para cantar...

A MARIÑADA DE RIANXO

Ai Pepiño, adiós,
ai Pepiño, adiós,
ai Pepiño por Deus non te vaias,
quédate con nós,
quédate con nós,
non te vaias afogar na praia
como nos pasou a nós.

¡Ai Sálvora, ai san Vicente!
¡Ai Sálvora, ai san Vicente!
¡Ai Sálvora, ai san Vicente!
as mozas bonitas, están en Mourente.

Ai Pepiño, adiós...

¡Ai Sálvora, ai san Vicente!
¡Ai Sálvora, adiós Mourente!
¡Ai Sálvora, boca da ria!
¡Para boas mozas en Vilagarcía!

Ai Pepiño, adiós...

¡Ai Sálvora, vento noroiteiro!
¡Ai Sálvora, meu compañeiro!
¡Ai Sálvora, vento ventoiño!
xa están as rapazas na punta de Aguiño.

Ai Pepiño, adiós..

Abertas inscricións:

**Peregrinación a
Santiago
de
Compostela**

8 a 10 de Junho

Informa-te!

Secretaría do Centro.
geral@juventudedagaliza.com ou pelo. +351 21 88 53 680

**Faz a tua festa
de Aniversário
na XG**

Temos tudo para uma festa fantástica!

Informa-te!

Na secretaria do Centro, pelo geral@juventudedagaliza.com
ou pelo +351 2188 53680

Restaurante



VISÍTANOS!

Reservas: 218821392